

**10 de
Marzo**

Día da Clase Obreira Galega

Polo emprego e convénios en Galiza

Un ano despois de conmemorar o 25 aniversario desta data emblemática do movemento obreiro galego contemporáneo, chegamos ao día 10 de Marzo de 1998 nun momento no que a loita polo emprego é unha necesidade prioritaria para a sociedade galega. Tamén o fortalecemento do marco galego de relacións laborais segue sendo o mellor xeito de abordar as solucións precisas para resolver o problema do paro e do traballo en precario, así como para mellorar as condicións laborais e salariais nos convénios colectivos.

Neste momento, e ante a realidade de 200.000 desocupados sobre unha poboación activa de 1.100.000 personas cunha elevada porcentaxe afectada pola eventualidade e a precariedade no traballo, na Confederación Intersindical Galega elaboramos a nosa "Proposta para pular polo emprego" na que recolle 17 medidas concretas que permitirían abordar a creación de emprego en Galiza e que pasan pola defensa e potenciación dos sectores produtivos básicos galegos (lácteo e gandeiro, pesca, naval e empresa pública), creación de emprego público, medidas de redución de xornada a 35 horas semanais, eliminación de horas extras e extensión do seguro de desemprego igual ao salario mínimo interprofesional a todos os parados. Este conxunto de medidas é viábel e só depende da decisión e da vontade do Goberno da Xunta para a súa posta en práctica.

O Marco Galego de Relacións Laborais é unha necesidade de primeira orde para articular coherentemente a defensa dos intereses dos traballadores e traballadoras galegas, por iso apostamos abertamente pola negociación de convénios en Galiza que en función da nosa realidade social e económica permitan a participación directa, activa e en primeiro plano de todos os traballadores e traballadoras na negociación. Pola contra os acordos asinados en Madrid sobre a reforma laboral centralizan a negociación colectiva, á marxe da realidade social de cada quen, e favorecen unha maior individualización das relacións laborais, afastan aos traballadores e traballadoras da toma de decisións respecto as propias condicións de traballo, fomentando un modelo de "sindicalismo de elite" falto de apoios reais nas empresas e desvinculado dos traballadores.

Chamamos a todos os traballadores e traballadoras de Galiza para, ao redor da loita polo emprego e a negociación de convénios colectivos galegos, mobilizarmo-nos na celebración do Día da Clase Obreira Galega.



Confederación Intersindical Galega